DOWN Galicia

Revista informativa trimestral

Número 25· **Xullo 2022**



Dous novos convenios de Envellecemento para afianzar un futuro digno

Análise dos datos de Emprego Con Apoio en plena pandemia

Un Día da Discapacidade marcado polas demandas por unha inclusión desde a infancia

Vídeo-Balance e memoria das actividades realizadas por Down Galicia en 2021

O Campionato de **Baristas Down** voltou cunha novena edición que enfrontou **Compostela e Vigo** ➜

Índice

Novo Campionato Baristas Down entre Compostela e Vigo 2

Análise dos datos de Emprego Con Apoio en 2021 4

3M: Down Galicia demanda a inclusión desde a infancia 7

Dous novos convenios para apostar polo Envellecemento 9

Vídeo-Balance e memoria de actividades de Down Galicia 11

Empresas solidarias grazas ao Imposto de Sociedades 12

Down Compostela e Down Ourense sensibilizan en ciclos FP 14

Ocio inclusivo grazas á danza e o deporte en Down Coruña 15

Down Vigo e a Zona Franca renovan a súa colaboración 16

Xuntos retoma o voluntariado na protectora Os Palleiros 17

Sensibilización educativa de Down Lugo en Alfoz 18

Séguenos, subscríbete e contacta 19

© Publicación da Federación Down Galicia

Textos e deseño realizados polo Departamento de Comunicación



Andaina de Down Lugo coa Asociación Sénior de Telefónica

O Campionato de Baristas Down de Galicia volve á presencialidade na súa novena edición

Dez mozos e mozas de Down Compostela e Down Vigo participaron o 3 de xuño no IX Campionato de Baristas Down de Galicia, organizado por ambas as entidades, a empresa Cafento e celebrado no Hotel Ruta Jacobea de Santiago.

Tras o parón en 2021 debido á pandemia, este ano retomábase por fin a presencialidade deste evento con toda a ilusión e con moitas ganas de demostrar que a inclusión laboral das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais é máis que posible no sector da hostalería.

Por parte de Down Compostela, Mariña, David, Iván, Sara e Cristina integraron o equipo 'Drupa', mentres en 'Os Cremosos' de Down Vigo participaron Andrea, Fran, Gisela, Mª Carmen e Víctor. Ante un público, os mozos e as mozas prepararon dous espressos, dous capuchinos e un combinado frío.

Tras a execución da proba, o equipo "Drupa" conseguiu os premios ao mellor espresso e ao mellor capuchino, mentres que o equipo "Os Cremosos" logrou vencer na categoría de mellor combinado frío sen alcol con base de café.

Diego López, embaixador barista de Cafento, foi o formador do equipo de Down Compostela nas instalacións da marca no polígono do Tambre, mentres que Alba Rodríguez, barista de Montecelio, foi a encargada de formar ás persoas participantes de Down Vigo na sede da asociación viguesa.

Sobre os Campionatos Baristas Down

Os Campionatos Baristas Down son unha iniciativa pioneira no mundo da empresa cafeteira Cafento, que consiste en levar as competicións entre profesionais expertos na cultura do café de calidade ás persoas coa síndrome de Down.

O primeiro Campionato Barista Down desenvolveuse en Galicia no ano 2012, co obxectivo de visibilizar o traballo das persoas coa síndrome de Down e as súas posibilidades de integrarse no mercado laboral como baristas. A partir deste intre, celebráronse ao longo da xeografía española diversos Campionatos Baristas Down, entre os que destacan os de Asturias, Andalucía, Comunidade Valenciana e Rexión de Murcia.

Grazas a estes certames, máis dun centenar de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais de toda España puideron formarse como especialistas no mundo do café. Delas, case unha trintena tivo ocasión de realizar prácticas laborais en diversos tipos de establecementos de hostalería.

Pero máis aló de pretender contribuír á inserción laboral, e consecuente autonomía das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, os Campionatos Baristas Down queren ser unha oportunidade para visibilizar a este colectivo como persoas perfectamente capaces..



IX Campionato de Baristas Down cos equipos de Down Compostela (esquerda) e Down Vigo (dereita)

A metodoloxía Emprego con Apoio das entidades Down fai fronte á crise con case 190 contratos de traballo en 2021

Un total de 172 persoas participantes no programa de Emprego con Apoio da Federación Down Galicia estiveron contratadas en empresas ordinarias da súa contorna durante o ano 2021. Este dato é case idéntico ao obtido no mesmo período do ano anterior, onde se constatou unha baixada significativa no número de contratacións con respecto a anos anteriores, sendo evidente a continuación dos efectos negativos da COVID-19 no proceso de inserción laboral das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

Por outra banda, a porcentaxe de persoas usuarias da bolsa de emprego de Down Galicia que tiveron acceso a un posto de traballo neste período descendeu ata quedar no 67,7%. Ademais da relación entre este descenso e o número de contratacións, esta baixa porcentaxe tamén ten a súa orixe no elevado número de participantes no programa, que nesta ocasión ascendeu ás 254 persoas usuarias, deixando constancia da importancia que as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais lle outorgan a ter un emprego".

En canto á distribución por localidades, obsérvase que foron 64 persoas as que traballaron en 2021 na zona de Vigo, 31 na Coruña, 18 en Lugo, 16 en Pontevedra, 16 en Ourense, 16 na área de Compostela e 11 na zona de Ferrolterra.

Estas 172 persoas asinaron un total de 188 contratos de traballo, mediante os que os traballadores e traballadoras puideron adquirir experiencia en postos tan variados como masaxista, dependente, auxiliar de repostería, auxiliar administrativo, peón forestal, atención ao cliente, peón electricista, telefonista, ordenanza, limpeza de praias, operario de produción, azafata ou mantemento de instalacións deportivas, entre moitos outros.

Despuntan neste período o número de prórrogas dos contratos e as transformacións dos mesmos en indefinidos, que chegan a 21 e a 7 respectivamente. Estes datos poñen claramente de manifesto a eficacia das persoas con discapacidade intelectual nos seus postos de traballo, demostrando que teñen capacidades máis que suficientes para superar o reto que lles propón a sociedade en canto ao traballo inclusivo.

Destaca tamén o elevado número de prácticas formativas realizadas polos usuarios e usuarias das entidades Down en Galicia (49), coas que reforzan a súa motivación cara o emprego e melloran as súas habilidades socio-laborais. Sumando contratos e prácticas, case o 75% das persoas usuarias do programa de emprego de Down Galicia contaron con unha oportunidade no eido laboral o pasado ano.

Non obstante, os principais escollos para o colectivo de persoas con discapacidade intelectual seguen a ser a inestabilidade, a temporalidade nas contratacións e a curta duración das súas xornadas de traballo.

Ademais, debido á situación de crise sanitaria e social que estamos a vivir desde marzo de 2020, 35 persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais usuarias das entidades Down de Galicia estiveron durante algún momento do ano en situación de ERTE, quedando aínda algunhas delas sen reincorporarse aos seus postos de traballo.

Sen embargo, aínda que desde hai uns anos podemos observar como se acadan bos datos na inserción do colectivo, o acceso a un posto de traballo de forma normalizada segue a ser un dos grandes retos das entidades que traballan a prol da inclusión laboral na empresa ordinaria.

Acceso ao Emprego Público

É importante destacar que o acceso das persoas con discapacidade intelectual ao emprego ordinario non é unicamente unha cuestión relacionada coa empresa privada. De feito, un dos principais retos aos que se enfrontan hoxe en día está relacionado co acceso ao emprego público, onde, a pesar do aumento no número de convocatorias específicas para o colectivo, estas continúan sendo aínda insuficientes.

Por outra banda, debemos ser conscientes de que o abano de persoas con discapacidade intelectual é moi amplo. Por tanto, esta realidade ten que ser tida en conta á hora de realizar estas convocatorias, que deberían introducir medidas de discriminación positivas nos requisitos das mesmas. Deste xeito, garantiríase a igualdade de oportunidades de todas as persoas con discapacidade intelectual no acceso ás prazas reservadas.

Así mesmo, tamén é necesaria unha flexibilización nos resto de criterios de acceso a estas prazas, pois, a pesar de que as persoas coa síndrome de Down son perfectamente capaces de realizar as tarefas encomendadas no posto de traballo e de superar os procesos selectivos, non poden acceder aos mesmos porque priman máis os requisitos mínimos, como pode ser unha titulación en Educación Secundaria Obrigatoria, que a traxectoria educativa da persoa.

Outros retos pendentes

Tras varios anos con números moi positivos no relativo a contratacións e melloras laborais, a crise sanitaria derivada da pandemia da COVID-19 supuxo un estancamento na situación do colectivo. E é que máis aló dos datos expostos anteriormente, atopámonos cun grupo de persoas usuarias de idade máis avanzada que contaban cun emprego indefinido estable e que agora, tendo en conta o envellecemento prematuro das persoas coa síndrome de Down, será complicado que poidan volver incorporarse ao mercado.

Por outro lado, este envellecemento prematuro, evidenciado xa en distintos estudos, achéganos unha nova realidade: a necesidade de anticipar a idade de xubilación das persoas coa síndrome de Down, tendo desta forma o dereito de optar á mesma no caso de ser necesario. Do mesmo xeito que en cuestións de saúde, as persoas maiores de 40 anos pertencentes ao colectivo deberían ser consideradas de forma similar ao grupo de poboación xeral de máis de 60 anos de idade e, por tanto, débese dar resposta ás necesidades relativas a esta etapa post-laboral.


SAN
MARCOS
986 86 10 11

Día da Discapacidade: Down Galicia únese ás demandas para que a inclusión comece na infancia

O Comité de entidades de representantes de persoas con discapacidade de Galicia (CERMI Galicia), do que forma parte a Federación Down Galicia, reclamou o pasado 3 de maio que a inclusión, o benestar e os dereitos das persoas con discapacidade deben comezar desde a infancia, debido a que nesta primeira etapa a cativada con discapacidade e a súa contorna están máis expostas á quebra dos seus dereitos e a sufrir a carencia de apoios e recursos que comprometan o seu proceso de inclusión.

Unha reivindicación que o CERMI estatal e a Fundación CERMI Mujeres (FCM) realizaron no seu manifesto para o Día Nacional da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, e á que tamén se suma o CERMI Galicia e Down Galicia.

Esta efeméride celébrase cada 3 de maio desde que fose establecido oficialmente polo Consello de ministros en 2019, a proposta do propio CERMI. Neste 2022 o Comité quixo poñer o foco nun dos colectivos máis vulnerables de entre as persoas con discapacidade, así que o seu manifesto, baixo o título 'Nenas e nenos con discapacidade, inclusión desde o principio', dedicouse á defensa dos dereitos da infancia con discapacidade, poñendo énfase no artigo 7 da Convención de 2006.



Sesión de educación en Down Ourense. Foto de arquivo

Nel especifícase que “as nenas e os nenos con discapacidade son parte inseparable da infancia, que é plural e diversa, coa que han de relacionarse e interactuar como uns iguais máis, en contornas compartidas, inclusivos e respectuosos, sen que sexan admisibles separacións que aparten da vida en comunidade”.

Ambas entidades destacaron a necesidade de identificar as situacións de discapacidades na infancia o máis pronto posible, e aseguraron que a atención temperá e o desenvolvemento infantil deben ser “dereitos subxectivos esixibles, vinculantes, universais e gratuítos na infancia con discapacidade”.

Así mesmo, esixiu para a infancia con discapacidade unha atención e prestacións sanitarias de calidade, e contornas seguras con relacións igualmente seguras, “nos que quede preservada sempre a súa integridade e benestar, protexidos contra calquera forma de violencia, malos tratos e abuso, especialmente do acoso asociado a motivos de discapacidade e preservados contra a privación lingüística”.



Lectura do Manifesto do 3M no Parlamento

Doutra banda, CERMI e a FCM afirmaron no seu manifesto que “a discapacidade non é neutra en termos económicos e de renda”, xa que “a discapacidade leva consigo case sempre menor renda dispoñible e tamén maior gasto”. Contra esta situación que cualifican de “agravio económico por motivos de discapacidade”, piden que se outorgue á discapacidade “o mellor tratamento en todas as políticas e sistemas de protección social e de saúde (Seguridade Social, Sistema Nacional de Saúde, servizos sociais, autonomía persoal e atención á dependencia, rendas básicas, fiscalidade, etc.)”.

Este manifesto, presentado ante o Parlamento galego da man de representantes FEGADACE e Down Galicia, en nome do CERMI Galicia, nunha audiencia á que acudiron tanto o presidente do Parlamento galego, Miguel Ángel Santalices, como representantes dos diferentes grupos parlamentarios, reivindícase o dereito da infancia con discapacidade a unha imaxe social positiva e respectuosa, o dereito ao lecer inclusivo, e defendeu unha abordaxe das situacións de discriminación contra a infancia con discapacidade desde unha perspectiva interseccional, ademais de recalcar que “é preciso combater por todos os medios a soidade forzosa destes nenos”.

Finalmente, esixiron que “nenas e os nenos con discapacidade, e as súas familias, figuren como dimensión específica en todas as políticas públicas de desenvolvemento rural inclusivo e de loita contra o despoboamento”, e pediron que “a próxima implantación en España da Garantía Infantil, como mecanismo específico dirixido ao benestar da infancia, asuma a dimensión inclusiva de atención intensificada” a este sector tan vulnerable.

Down Galicia asina dous novos convenios sobre Envellecemento para apostar por un futuro digno en inclusión

Ao longo desta primavera, Down Galicia asinou dous convenios con dúas entidades coas que seguir avanzando na mellora da coordinación e calidade de vida das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais envellececidas.

Deste xeito, a Federación asinou convenios coa Asociación de Centros de Día de Galicia (ACDgal) e o Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia. Ambos acordos teñen por obxecto a posta en marcha e desenvolvemento de distintas medidas relativas ao avance no proceso de envellecemento activo e saudable das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, así como á promoción da súa correcta atención.

Estes convenios céntranse en propostas como o intercambio de información sobre o perfil e as necesidades do colectivo de persoas con discapacidade intelectual na etapa do envellecemento, o deseño e posta en marcha de programas de envellecemento activo e saudable, a busca de fórmulas para mellorar o proceso de envellecemento do colectivo ou a promoción de accións que contribúan a unha maior visibilización, participación e inclusión das persoas maiores con discapacidade intelectual en programas e servizos da comunidade, entre outras.

O envellecemento das persoas coa síndrome de Down

Nas últimas décadas apreciouse un espectacular aumento da esperanza de vida das persoas coa síndrome de Down, superando en moitas ocasións os 60 anos.

Este logro vén derivado do estudo e do coñecemento exhaustivo da realidade e necesidades do colectivo, dando lugar a unha mellora exponencial da súa calidade de vida e, moi especialmente, a unha mellor e máis especializada atención no campo da saúde. Por suposto, tamén polas melloras na atención social a través de entidades de apoio, mediante as que se conseguiu previr a dependencia e aumentar as cotas de autonomía destas persoas. Pero a realidade é que as persoas coa síndrome de Down viven un proceso de envellecemento acelerado. Desde os 40-45 anos comezan a presentar trazos típicos da poboación envellecida.

Asumir esta nova realidade implica introducir as medidas necesarias que contribúan a alcanzar esta etapa vital coa maior calidade de vida posible e que permitan planificar este momento da vida. A sociedade debe proporcionar ás persoas maiores con discapacidade as oportunidades que lles permitan ser o máis autónomas posible, gozar de boa saúde e ser produtivas, fomentando así o seu benestar e creando contornas ambientais máis propicias e favorables. Neste contexto ten un papel relevante a profesión de Educación Social, que pode realizar un acompañamento pedagóxico ás persoas e ás familias, e incidir ademais na sensibilización social para acadar unha sociedade máis inclusiva.



Sesión de envellecemento en Teima Down Ferrol



Encontro bilateral entre Down Vigo e Down Coruña

Vídeo-balance e memoria de actividades de Down Galicia no 2021

O 2021 foi un ano aínda convulso onde as entidades Down e a propia Federación tiveron que seguir reorganizando o traballo e reformular programas e obxectivos, adaptándose a un contexto tan delicado como é a pandemia da Covid-19.

A pesar de todo, cos diferentes grados de medidas de protección que foron sucedéndose ao longo do ano, a atención non parou en ningún momento. Velaquí presentamos o balance e memoria do 2021, incluíndo tanto a versión en Lectura Fácil como a versión visual en vídeo.



Memoria de actividades 2021

Contas anuais 2021

As organizacións sociais piden apoio ás empresas galegas marcando a Casiña Empresa Solidaria no Imposto de Sociedades

Coincidindo co inicio da campaña para a presentación do Imposto de Sociedades, as ONG galegas representadas por EAPN Galicia, CERMI Galicia e Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia, piden a colaboración das empresas para que marquen a Casiña Empresa Solidaria no seu Imposto de Sociedades.

As ONG prestaron e prestan servizos esenciais na loita contra a COVID-19, a crise social e económica actual pola inflación e a guerra de Ucraína, apoiando e defendendo os dereito das persoas máis vulnerables. Este traballo é posible grazas ás case 750.000 persoas que en Galicia marcan o X Solidario na súa Declaración da Renda e agora tamén para grandes, medianas ou pequenas empresas coa Casiña Empresa Solidaria.

O financiamento económico que chega a través do 0,7% da cota íntegra do Imposto de Sociedades é necesario e fundamental para que moitas ONG galegas poidan seguir prestando servizos e desenvolvendo programas dos que resultan beneficiarias milleiros de persoas, veciñas e veciños cos que convivimos.

A medida, que está presente desde o período impositivo de 2018, supón unha inxección de fondos máis que necesaria para moitas das case 700.000 persoas vítimas da pobreza ou a exclusión social no 2020, un 25,7% da poboación galega.

Persoas usuarias de programas como o de teleasistencia, apoio ás persoas con discapacidade e familias, educación para a saúde, centros de atención integral para as mulleres diagnosticadas de cancro de mama, residencias, atención a mulleres en dificultade social, centros de día, atención a persoas sen fogar, erradicación de violencia de xénero, atención á poboación rural en pobreza, programas de voluntariado, transporte en vehículos adaptados, entre outros moitos.

A Casiña Empresa Solidaria pódese marcar neste 2022 durante o período de presentación do Imposto de Sociedades, entre o 1 e 25 de xullo, e está actualmente dispoñible en dous modelos do devandito imposto: o 200 e o 220. Aparece incluída no apartado “Outros caracteres – fins sociais”, concretamente, na casiña 00073 (dentro do modelo 200) ou ben na 069 (no modelo 220).

Marcar a Casiña Empresa Solidaria supón unha decisión libre e altruísta, con custe cero para as empresas, coa que teñen a oportunidade de implicarse directamente na reconstrución social igualitaria e inclusiva, que beneficia, tanto ao tecido empresarial como á sociedade en si mesma.



O Imposto de Sociedades repercute en toda a base social Down. Encontro de Down Coruña



Sensibilización de Down Compostela

Down Compostela e Down Ourense sensibilizan sobre a importancia do emprego ordinario en distintos centros de Formación Profesional

A Fundación Down Compostela e a Asociación Down Ourense participaron durante o pasado mes de maio en senllas actividades de sensibilización dirixidas ao alumnado, e futuros profesionais, de dous centros de formación profesional da súa área de influencia.

Así, a comezos de mes, Paula Fernández, usuaria do servizo de Emprego con Apoio da Fundación Down Compostela, compartiu co alumnado do Ciclo Superior de Integración Social do CIFP Compostela a súa experiencia no relativo á inclusión sociolaboral. Acompañada por Aloia Lema e Beatriz Martínez, profesionais da Fundación, explicaron os programas existentes na Área de Formación e Emprego da entidade e a metodoloxía de traballo a través da vivencia persoal de Paula.

Pola súa parte, Verónica Pardellas e Silvia Álvarez, usuaria e responsable do programa de emprego da asociación Down Ourense respectivamente, acudiron ao CIFP Portovello a presentar ao alumnado do Ciclo Superior de Integración Social as vantaxes da metodoloxía de Emprego con Apoio e a experiencia de Verónica en empresas da contorna.

Danza e deporte para desfrutar dun ocio inclusivo en Down Coruña

A asociación Down Coruña conta coa danza como unha actividade máis do seu programa complementario cultural, e desenvólvena asistindo a clases en ArteStudio, academia que traballa impartindo clases de teatro e diferentes disciplinas de baile.

Alba, Laura e Estefi son as profesoras encargadas de formar ás e os membros da Asociación en danzas como o new style, danza caribeña, contemporánea ou moderna. Levan colaborando con Down Coruña desde o ano 2015, cando o grupo de baile da asociación estaba formado por 16 persoas.

Durante a pandemia continuaron en contacto a través de clases en liña e recentemente volveron ao estudo, cun grupo de 9 mozas e mozos, para seguir bailando e gozando da boa compañía.

"Esperamos que pronto volvamos ter o grupo, en número, que tiñamos antes da COVID porque gozabamos moito con estas clases todas e todos xuntos" conta Laura, unha das monitoras da actividade.

Durante a clase semanal, que se celebra os venres de 18.00h a 19.30h, realizan exercicios de coordinación, flexibilidade e mellora das habilidades motoras, ademais de diferentes coreografías.

Judo co Club Ximnasio Fibra

A finais do pasado mes de abril, varios mozos e mozas membros de Down Coruña puideron coñecer de primeira man as técnicas do judo nunha xornada de portas abertas ofrecida polo Club Ximnasio Fibra.

O encontro tivo lugar nas instalacións deste espazo deportivo, onde o deporte inclusivo e a atención á diversidade realízanse con profesionalidade e naturalidade.

Durante a xornada, novos socios de Down Coruña compartiron espazo con outras persoas vinculadas á entidade que xa integraban o equipo deportivo de judo do ximnasio. Aprenderon e practicaron as técnicas básicas do deporte, acompañados do seu director José López Gacio, pero, sobre todo, gozaron coñecendo esta nova faceta deportiva en gran compañía.



Aula de judo con persoas usuarias de Down Coruña



Julio Larrán, novo traballador da Zona Franca de Vigo

Down Vigo e Zona Franca renovan o seu compromiso coa inclusión laboral a través dunha nova contratación

A asociación Down Vigo e o Consorcio Zona Franca de Vigo renovan o seu compromiso de colaboración cunha nova incorporación laboral que se fixo efectiva o pasado mes de marzo. A través da mesma, Julio Larrán, que asiste ao servizo de Emprego con Apoio da entidade, está actualmente traballando como conserxe nas instalacións da corporación en Bouzas. Trátase da sexta inserción laboral froito da cooperación entre ambas as entidades desde o ano 2013.

Julio amósase "moi contento" coa experiencia. Entre as súas tarefas principais atópanse a xestión documental de cartas e paquetes, así como manexo de máquinas reprodutoras de oficina. De todas elas, está especialmente satisfeito con "facer recados, porque lles estou ofrecendo un servizo aos compañeiros". E precisamente neste desempeño é onde está a atopar tamén a súa maior dificultade: atopar a localización do persoal da oficina. Tal e como explica Julio, "o edificio é circular, e ás veces cústame atopar aos compañeiros. Cando me pasa iso, chamo por teléfono e axúdanme a situarme".

O delegado do Estado na Zona Franca de Vigo, David Regades, explicou que "esta experiencia está a ser gratificante para todas as persoas que formamos parte do Consorcio, porque o apoio á diversidade é fundamental para facer unha sociedade mellor e para atopar o talento".

Mozos e mozas de Xuntos retoman o seu voluntariado na protectora animal Os Palleiros tralo parón pola pandemia

Tras un tempo de obrigada pausa pola crise sanitaria derivada da pandemia da COVID-19, varios mozos e mozas usuarias de Down Pontevedra "Xuntos" volveron participar nas actividades de voluntariado que acostumaban a realizar coa asociación de acollida e adopción de cans "Os Palleiros".

Grazas a esta colaboración, que deu comezo no ano 2017, persoas vencelladas a Xuntos participan xunto con outras persoas voluntarias da protectora nos paseos cos animais que se organizan nas marismas de Alba e no río Gafos.

Pero esta é só unha das actividades realizadas dentro do seu voluntariado. En 2018 e 2019 leváronse a cabo senllas visitas ás instalacións da asociación, nas que os mozos e mozas da entidade Down colaboraron no lavado e alimentación dos cans.

Desta forma, ademais de apoiar o labor da protectora e desempeñar un rol activo na contorna da que forman parte, as persoas usuarias de Xuntos contan cun espazo de encontro e de ocio inclusivos.



Paseo de Xuntos coa protectora 'Os Palleiros'

Down Lugo leva a escola inclusiva a un centro educativo en Alfoz

O pasado mes de maio, Belén, Iria e Isma, tres profesionais da área de Educación de Down Lugo, desprazáronse ao CEIP Castro de Ouro de Alfoz para presentar e implementar un exemplo de escola inclusiva.

Durante o desenvolvemento da xornada empregaron o Deseño Universal da Aprendizaxe (DUA), un modelo de ensinanza que supón un cambio total de paradigma educativo, permitindo a todas as persoas estar, participar e progresar en contextos educativos ordinarios e acollendo e respectando a diversidade presente nas aulas.



Aula co Deseño Universal da Aprendizaxe en Alfoz

O DUA traslada o foco da discapacidade dende a persoa cara os contextos e materiais, establecendo unha ruptura total coa dicotomía entre as persoas con e sen discapacidade e aplicando o concepto de diversidade a todo o alumnado, sen excepción.

Os técnicos da entidade Down impartiron unha clase de lingua castelá na que participaron doce nenos e nenas de 4º, 5º e 6º de Educación Primaria e na que se traballou o verbo. O reto era maiúsculo, xa que, ao tratarse dun centro educativo pequeno, conviven na mesma aula nenos e nenas de diferentes etapas educativas.

A sesión estivo estruturada en tres actividades multiniveladas. Así, os nenos e nenas formaron tres grupos que foron rotando por cada unha das actividades, levadas a cabo a través dunha ruleta de verbos, xogos de representación e música. Con estas actividades traballáronse os obxectivos previamente consensuados co titor do centro educativo, e os alumnos e alumnas foron quen de recoñecer verbos, estruturar oracións e identificar tempos verbais.

A experiencia foi moi positiva, garantindo a presencia, participación e progreso de cada un dos nenos e nenas presentes na aula.

Desde Down Galicia e Down Lugo queremos dar as grazas ao CEIP Castro de Ouro polo seu interese e animamos aos demais centros educativos a que sigan apostando por unha educación inclusiva.

Séguenos

DownGalicia.org

Facebook.com/DownGalicia

Twitter.com/DownGalicia

Youtube.com/DownGalicia

Flickr.com/DownGalicia

Subscríbete

Recibe a Revista de Down Galicia no teu correo!

Contacta

O Departamento de Comunicación de Down Galicia é o encargado de confeccionar, publicar e difundir todo evento ou aspecto noticioso das entidades membro da Federación. Non dubides en poñerte en contacto co mesmo no enderezo **comunicacion@downgalicia.org**.

Subvencionado por

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

Consulta a nosa política de privacidade



Reencontro de Teima Down Ferrol tras a pandemia para festexar a chegada do verán e a fin de ‘curso’